

# **Preto de 2.000 persoas asistiron dende xaneiro aos concertos da Tempada de Abonos de Clásica do Teatro Afundación**

## **I Preto de 500 persoas acoden a cada concerto**

**22.07.2025.** Cada un dos 6 concertos da primeira metade da Tempada de Abonos de Clásica da Obra Social de ABANCA en Vigo, celebrada entre xaneiro e maio, convocou preto de 500 persoas no público no Teatro Afundación. Case un 40% dos asistentes son público abonado: persoas que compran o abono para toda a tempada e puideron asistir, por exemplo, ao Concerto de Reis no que Tamar Novas acompañou a Real Filharmonía de Galicia (RFG). O 60% restante do público son persoas que compran entradas para cada concerto.

O da RFG e Tamar Novas foi o primeiro dos concertos programados na primeira metade da Tempada de Abonos de Clásica en 2025. Foi o pasado 9 de xaneiro. Xa o 19 de maio, o Hamburger Elbphilharmonisches Sextett protagonizou a última das presentacións anteriores ao verán. En total, os 6 concertos reuniron 1.967 persoas.

## **Cultura de calidade**

O Teatro Afundación promove cada ano dúas tempadas de abono: unha de música e outra de teatro. En ambos casos programa presentacións ou concertos de primeiro nivel. A primeira metade da tempada de teatro, por exemplo, fixo desfilar sobre as táboas do Teatro Afundación a recoñecidos intérpretes como Mariana Galiana ou José Sacristán e grupos como Els

Jogalrs dirixidos por grandes da escena española como Helena Pimenta, Ernesto Caballero ou Juan Echanove. A Real Filharmonía (RFG) e a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) protagonizaron 5 dos 6 concertos da Tempada de Abonos de Clásica. Ambas formacións estiveron acompañadas de intérpretes e directores de relevancia mundial como a violinista Amadine Beyer, o director Vítor Pablo Pérez, ou o acordeonista Iñaki Alberdi. Ademais das dúas formacións orquestrais galegas, completou o programa de clásica entre xaneiro e xuño o Hamburger Elbphilharmonisches Sextett.

## **Un programa diverso**

As orquestras participantes na primeira metade da Tempada de Abonos de Clásica presentaron en Vigo programas diversos para cada concerto. Incluíron colaboracións con artistas doutras disciplinas, como foi o citado caso de Tamar Novas no Concerto de Reis do 9 de xaneiro, á inclusión nas súas propostas de obras de compositoras fundamentais do século XX non tan coñecidas para o gran público do sur de Europa. Foi o caso do concerto dedicado tamén pola RFG á obra da creadora rusa Sofiya Gubaidulina. A RFG completaría o programa desa sesión musical na que interpretou obras de Gubaidulina, para algunhas voces a mellor compositora contemporánea do seu país, cunha peza de Dimitri Shostakovich, o gran referente histórico da música en Rusia, que apoiou á compositora, sendo ela moi nova, cando a súa heterodoxia lle xerou problemas co réxime da antiga Unión Soviética de Stalin.

## **«Cultura por alimentos»**

As persoas que asisten aos concertos da Tempada de Abono de Clásica do Teatro Afundación poden doar alimentos non perecedoiros para a campaña

«Cultura por alimentos», que a Obra Social de ABANCA promove en colaboración con FESBAL, Federación Española de Bancos de Alimentos. No Teatro Afundación hai contedores dispostos para recoller alimentos non perecedoiros. Os alimentos que depositan as persoas que asisten aos concertos son distribuídos por FESBAL entre familias vulnerables de Vigo e a súa área de influencia.

Imaxe dun concerto no Teatro Afundación [nesta ligazón](#)

Toda a información da actividade de Afundación, na nosa [SALA DE PRENSA](#)